



**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Servizo de Primaria**

**Orde do 27 de xullo de 2009 pola que se nomean funcionarios en prácticas do corpo de mestres ós opositores seleccionados no procedemento selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11) para ocupar vacantes dotadas orzamentariamente.**

**TEXTO:**

Pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11) convocouse procedemento selectivo de acceso ó corpo de mestres, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen prexuízo do establecido na base décimo segunda, puntos 1 e 4 da Orde de 8 de maio de 2009 (DOG do 11), tendo en conta as necesidades do servizo, e de conformidade co disposto na base décimo cuarta da citada orde, os aspirantes que resultaron seleccionados deben realizar un período de prácticas, que formará parte do proceso selectivo e terá por obxecto a valoración da súa aptitude para a docencia.

Existindo vacantes dotadas orzamentariamente, procede nomear funcionarios en prácticas ós opositores que foron destinados a aquelas.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

**DISPÓN:**

Primeiro.- Nomear funcionarios en prácticas do corpo de mestres ós aspirantes que se relacionan no anexo I da Orde do 24 de xullo de 2009 pola que se fai pública a lista dos opositores seleccionados no proceso selectivo convocado pola orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11) para ingreso no corpo de

mestres.

Segundo.- Nomear funcionarias en prácticas do corpo de mestras/mestres ás aspirantes M<sup>a</sup> Mercedes Toscano Liria, seleccionada no procedemento selectivo do 2008 que tiña concedido o aprazamento da fase de prácticas e a dona Matilde Requejo Castaño seleccionada no procedemento selectivo do 2008 e que non realizou a fase de prácticas.

Terceiro.- O nomeamento como funcionario en prácticas producirá efectos económicos e administrativos desde a súa toma de posesión.

Cuarto.- O réxime retributivo dos funcionarios en prácticas será o establecido no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo) polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

Quinto.- Os funcionarios en prácticas que xa estean prestando servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, deberán formular opción para a percepción das remuneracións en tanto persista a súa condición de funcionario en práctica, de conformidade co disposto no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo).

Sexto.- De conformidade co establecido no apartado 13.5 da Orde de convocatoria, presúmese que o profesorado interino que percibe trienios e resulta nomeado funcionario en prácticas dun corpo do mesmo grupo no que prestaba servizos, optan pola remuneración das retribucións correspondentes a funcionario interino, sen prexuízo da súa inclusión no réxime especial da seguridade social dos funcionarios públicos.

Sétimo.- A Secretaría Xeral adoptará tódalas medidas e ditará as instrucións que coiden oportunas para o desenvolvemento da presente Orde.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2009  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria  
Jesús Vázquez Abad